

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 7 de xullo de 2016 pola que se autoriza a posta en marcha, con carácter experimental, de seccións bilingües de lingua inglesa no Conservatorio Superior de Música de Vigo e na Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, regula nos seus artigos 54 e 57 os estudos superiores de música e os de artes plásticas e deseño, respectivamente.

O plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música para Galicia está regulado no Decreto 163/2015, do 29 de outubro (DOG do 16 de novembro). Igualmente, o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño para Galicia está regulado no Decreto 172/2015, do 29 de outubro (DOG do 23 de novembro). No anexo II destes decretos establécense as competencias, perfís profesionais e os criterios de avaliación para cada ámbito; e entre as distintas competencias transversais figura a de comprender e utilizar, polo menos, unha lingua estranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, establece, no seu artigo 22, que se desenvolverán as habilidades de comunicación oral e escrita en lingua(s) estranxeira(s) de maneira progresiva e gradual, na formación profesional específica, e nas ensinanzas artísticas e deportivas. Igualmente, no seu artigo 23, establece que a consellería competente en materia de educación aprobará un plan de fomento das linguas estranxeiras no que se determinarán as liñas de actuación, dirixidas ao profesorado, ao alumnado e aos centros. Finalmente, na súa disposición adicional primeira, indica que a impartición de materias non lingüísticas en lingua(s) estranxeira(s) se regulará mediante orde aprobada pola consellería competente en materia de educación.

A Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sustentados con fondos públicos de ensino non universitario, enmarca a necesidade de formación competencial en linguas estranxeiras do alumnado en materias non lingüísticas. Non obstante, na citada orde non se inclúen as ensinanzas de réxime especial. Xa que logo, por Orde do 14 de xullo de 2014 foi autorizada a posta en marcha, con carácter experimental, de seccións bilingües de lingua inglesa en determinados conservatorios profesionais de música de Galicia; e por Orde do 30 de xullo de 2015 autorizouse a posta en marcha, con



carácter experimental, dunha sección bilingüe de lingua inglesa no Conservatorio Superior de Música da Coruña.

Neste contexto, o Conservatorio Superior de Música de Vigo e a Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña solicitaron a implantación dunha sección bilingüe de lingua inglesa nos seus centros, como proxecto experimental con carácter voluntario para o seu alumnado. Tendo en conta o carácter innovador deste proxecto educativo, e considerando as necesidades deste tipo de alumnado en materia lingüística, cara a unha maior proxección internacional formativa e profesional, procede considerar a posta en marcha, con carácter experimental, de seccións bilingües en lingua inglesa nos citados centros de ensinanzas superiores.

En consecuencia, e de acordo co establecido polo Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, no uso das funcións que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

O obxecto da presente orde é autorizar, con carácter experimental, a creación de seccións bilingües de lingua inglesa no Conservatorio Superior de Música de Vigo e na Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña a partir do curso académico 2016-2017, coa finalidade de favorecer a práctica do inglés entre o alumnado deses centros.

Artigo 2. *Marco legal*

A experiencia educativa que se autoriza estará encadrada dentro das ensinanzas artísticas superiores reguladas no Decreto 163/2015, do 29 de outubro (DOG do 16 de novembro), e no Decreto 172/2015, do 29 de outubro (DOG do 23 de novembro), respectivamente.

Artigo 3. *Destinatarios/as*

O presente proxecto vai dirixido a alumnos/as que cursen ensinanzas no Conservatorio Superior de Música de Vigo e na Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña, e a participación nel terá carácter optativo nas materias que se oferten.



Artigo 4. *Requisitos*

O número de alumnado mínimo para desenvolver as seccións bilingües será o mesmo que o establecido para a súa impartición na lingua cooficial, regulado polo artigo 22 do Real decreto 303/2010, do 15 de marzo, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas artísticas.

Artigo 5. *Organización académica*

1. O alumnado que forme parte dunha sección bilingüe non poderá abandonala antes de rematar o curso escolar, salvo por razóns xustificadas ante a dirección do centro e coa autorización desta.

2. Ao final de cada curso académico, o alumnado que obteña cualificación positiva na materia obxecto de sección bilingüe recibirá unha credencial oficial expedida polo centro conforme participou nunha sección bilingüe, que deberá quedar reflectida no seu expediente académico.

3. Ao comezo de cada curso escolar, antes do 15 de outubro, a dirección do centro deberá informar a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa do número de alumnos/as matriculados/as en cada un dos cursos con seccións bilingües autorizadas, co visto e prace da inspección educativa.

Artigo 6. *Profesorado*

1. O profesorado implicado no proxecto de sección bilingüe deberá ser especialista da materia, ter destino no centro, e acreditar a súa competencia na lingua estranxeira co certificado B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas.

2. A coordinación da sección bilingüe corresponderá a un/unha docente participante no proxecto.

Serán funcións do/a coordinador/a:

– Realizar o seguimento semanal e a coordinación do equipo de profesores/as que forman parte do programa de seccións bilingües e levantar acta dos temas tratados e dos acordos adoptados.



– Coordinar a elaboración do proxecto lingüístico no marco do proxecto educativo do centro.

– Participar nas actividades formativas do profesorado e propoñer novas actividades.

– Participar na elaboración de materiais específicos, revisar e trasladar ao equipo directivo as programacións iniciais e memorias finais.

– De ser o caso, titorizar a persoa nativa de apoio ao programa.

3. O profesorado participante na sección bilingüe poderá ter, en función da súa dispoñibilidade horaria, ata un máximo de dúas horas lectivas semanais destinadas ás actividades de coordinación, avaliación e atención ao programa. Terá as seguintes funcións:

– Elaborar a programación específica ao inicio de cada curso escolar.

– Elaborar unha memoria final.

– Participar nas actividades de formación organizadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

– Elaborar materiais curriculares específicos.

– Aqueloutras que sexan necesarias para o desenvolvemento adecuado do proxecto.

4. No relativo á formación do profesorado participante neste programa, haberá que atenderse ao disposto no artigo 6 da Orde do 12 de maio de 2011, pola que se regulan as seccións bilingües en centros sustentado con fondos públicos de ensino non universitario.

Artigo 7. *Memoria final de curso*

Antes do 5 de xullo, o profesorado de cada materia non lingüística implicado no programa de sección bilingüe deberá elaborar unha memoria avaliativa que trasladará á dirección do centro para o seu visto e prace. A devandita memoria será remitida pola dirección do centro á correspondente xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que a tramitará á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, acompañada dun informe da inspección educativa.



Artigo 8. Asesoramento e avaliación

1. As estruturas de formación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ofrecerán asesoramento, tanto na fase de elaboración do proxecto, como na do seu desenvolvemento.

2. Con independencia do punto anterior, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a través dos servizos de inspección educativa, levará a cabo o seguimento e posterior avaliación do proxecto co fin de verificar a súa realización, a calidade e os resultados obtidos.

Artigo 9. Duración do proxecto

O proxecto terá unha duración de dous cursos académicos, prorrogables en períodos de dous cursos académicos logo do informe favorable do servizo de inspección educativa emitido tendo en conta a adecuación ás condicións e obxectivos indicados na súa posta en marcha e a permanencia das circunstancias que xustificaron a súa implantación.

Disposición derradeira primeira

Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para ditar cantas normas se consideren oportunas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2016

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

